

A **micofobia** é o medo ou fobia aos cogomelos. Esta non é unha fobia moi común, pero do mesmo xeito ca outras fobias, convértese nun medo irracional e inxustificado aparentemente. Prodúcese pola crenza xeral de que todos os cogomelos son potencialmente venenosos. Este medo pode estar orixinado por experiencias traumáticas durante a infancia. Un caso histórico de micofobia tivo lugar durante a colonización española do Novo Mundo, cando chegaron frades españois a América e atoparon os nativos Aztecas, que empregaban algúns cogomelos da familia dos *Psilocybes* en rituais e cerimoniais relixiosas. Cogomelos con propiedades alucinógenas (efectos vasodilatadores). Por esta razón, os frades asociaron os cogomelos coa bruxería, satanismo, o anticristo e especialmente o pecado, creando un tabú principalmente en Europa Occidental ata o punto de ser esquecidos case por completo.

A **micofilia** é a situación contraria á micofobia. Relación amistosa cos cogomelos. América do Sur, Ásia e Europa oriental son zonas micófilas, onde non existe o tabú xerado polo cristianismo, onde se cultivan e consumen cogomelos. Cómpre sinalar incluso, que o novo veno mandala está dedicado por completo á planta sagrada “soma”,

que non é outra cousa que unha *Amanita muscaria*. Xunto co pobo chukchi, os saamis, os koriak, os cheremies, os vogules iukaguir, os zirianos iukaguir e os kamchadales da península de Kamchatka, xunto con outras tribus de Siberia Central preto dos ríos Ob e Yenisei, amosan unha gran difusión do uso do fungo visionario ata a actualidade. No inmenso territorio siberiano todas as crenzas tradicionais estaban ligadas á figura suprema do chamán e este mantiña o consumo da *Amanita muscaria* en prácticas máxicas e terapéuticas.

— — —

Tense feito moito nos últimos anos, pero aínda queda moito por facer, para poñer aos cogomelos no lugar que merecen, na cociña, na sociedade e sobre todo para evitar os ingresos hospitalarios por consumo de cogomelos que únicamente se deben a falla de formación e información. Precisamos máis divulgación.

O MEU GRAN DE AREA

O primeiro recordo que teño dun cogomelo é tan antigo coma a miña memoria.

Os setenta

Nos anos setenta do século pasado, cando eu non era máis ca un neno, meu pai, técnico do entón Ministerio de Agricultura chegaba á vila de Celanova, Ourense (1972) para facerse cargo da Oficina de Extensión Agraria. Sostituía a Mariano García Rollán, veterinario e micólogo que regresaba ao seu Madrid natal para traballar nun novo proxecto pero deixando escritas as súas contribucións á micoloxía da provincia de Ourense. Non sei se isto tivo algo que ver en que meu pai, tamén natural da provincia de Madrid por certo, se interesase polo fantástico e daquela aínda descoñecido mundo dos fungos, pero a realidade foi que empezou a formarse en materia micolóxica e a ser dos poucos técnicos na cuestión. Pronto se convertería en divulgador.

Por esta cuestión, á casa dos meus pais viñan todo os anos persoas con bolsas e cestos con cogomelos, que o meu pai analizaba minuciosamente e identificaba para determinar a súa comestibilidade.

Consultaba daquela os escasos libros que había en galego ou en castelán, moitos deles traducións do francés e do alemán e, claro, a súa propia experiencia. Galicia era unha terra rica nestes produtos do campo, en calidade e cantidade pero daquela era unha zona claramente micofoba, por distintas cuestións as xentes tiñan medo aos cogomelos e non os consumían. En parte tiñan razón, hai exemplares tóxicos e incluso mortais nos montes galegos, pero tamén excelentes comestibles que non eran aproveitados. E claro está había quen non se fiaba e trala exposición que o meu pai facía sobre a especie en cuestión, explicando as características botánicas do pé, o sombreiro, a cor ou o tamaño e determinar que era un cogomelo comestible e acertar co hábitat no que o paisano de turno fixera a recollida, e tras dar as grazas ao meu pai iso si, acababan no lixo. Xa se sabe aquilo de que se un cre que lle vai sentar mal... aínda que sexa un bo comestible, sentaralle mal. Non había apenas actividades divulgativas e a bibliografía específica local era moi escasa por non dicir nula.

Aparezo en centos de fotografías e diapositivas posando cos máis variados cogomelos sendo só un neno, incluso en pixama no exterior da casa dos meus pais, costume por certo que despois imitei eu poñendo as miñas fillas, Alicia e Alexandra, diante da cámara para retratalas con exemplares chamativos pola súa cor, rareza ou tamaño. Aínda conservo as ducias de caixiñas de cores que agrupan os centos de diapositivas que o meu pai sacou con distintas cámaras ao longo de tantos anos de afección.

Lembro saídas ao campo na tempada silvestre forte de cogomelos, de outubro a decembro, todas as fines de semana, no coche por camiños para carros polos que meu pai conducía sen dubidalo e nos que máis dunha vez quedamos atrapados e incluso tivemos que pedir axuda para saír da lama. Camiñando, por distintas praderías, montes e hábitats diversos na procura de exemplares para o estudo, a fotografía e o consumo.

Convivín cos cogomelos ao longo de toda a miña infancia. Lembro facer compañía ao meu pai nas múltiples saídas que realizaba por toda Galicia para impartir conferencias sobre o fascinante e descoñecido mundo dos cogomelos. Colleu aquel pesado proxector que aínda funcionaba en dúas fases e que había que probar sempre antes de saír. Dúas caixas metálicas que trasladabamos nun Citroen 2 CV “cabra” ou nun Renault 4L “catro latas” que eran os coches oficiais da entón oficina agraria. Coches primeiro coa matrícula “PMM” e máis tarde da Coruña con autocolante da Xunta. Despois chegaría o retroproxector e finalmente o canón coas charlas preparadas nun *pen drive*. Recordo chegar a salas nos máis recónditos lugares onde non había nin enchufes o que obrigaba a que fóssemos preparados e levar un extensible e todo o preciso para que a explicación saíse ben, aínda que moitos non entendesen nada.

Os oitenta

Nos anos oitenta, o meu pai decide iniciar unha actividade de divulgación formal en Celanova. Sen axudas, pero con moita ilusión. Todo era da casa e participabamos todos no asunto. Os carteis eran primeiro en branco e negro elaborados nunha vella multicopista básica que ás veces non funcionaba e despois fotocopias ás que dabamos cor meu irmán Borja e mais eu cos rotuladores que había na casa. Non existía uniformidade excesiva e incluso cogomelos de cores que non existían como tales, pero que ilustraban perfectamente a actividade. Recordo fins de semana e algunha noite pelexando con aquela máquina que tiña unha base de cera nos clichés e que non sacaba como nós queríamos os rudimentarios carteis, pero que ao final servían.

Os identificadores das distintas especies tamén eran artesanais, feitos á man. Meu pai, que sempre pintara moi ben, debuxaba na